



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE REGULA O ESTABLECEMENTO DUNHA TARIFA ESPECÍFICA PARA A XENTE NOVA NO TRANSPORTE PÚBLICO INTERURBANO DA COMPETENCIA DA XUNTA DE GALICIA

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o “Proxecto de Orde pola que se regula o establecemento dunha tarifa específica para a Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia”, emite o seguinte,

INFORME

1.- Competencia e marco legal aplicable

Segundo o establecido no artigo 148.5 da Constitución española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente dentro do seu territorio.

Estas competencias son exercidas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, segundo se establece no Decreto 26/2019, de 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. A Dirección Xeral de Mobilidade ten entre outras competencias as de planificación, coordinación e o seguimento da política xeral de transportes e a promoción da mobilidade.

A Xunta de Galicia, xunto coas administración municipais das principais aglomeracións urbanas de Galicia, puxo en marcha o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, consistente nun conxunto de programas dirixidos a potenciar a utilización do transporte





público colectivo, sendo un dos seus eixes de actuación prioritario o programa de integración tarifaria, a través da ordenación da oferta de transporte e o abaratamento do custo por viaxe ás persoas usuarias.

A Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia establece a necesidade de reforzar a transversalidade e coordinación das políticas públicas en materia de xuventude e co obxecto de promover a mobilidade neste colectivo tramitase este proxecto de orde, que ten por obxecto regular unha tarifa específica aplicable ao colectivo de persoas usuarias do transporte público regular interurbano de uso xeral, entre os 4 e os 20 anos de idade, ambos inclusive.

2.- Estrutura

O proxecto de orde estruturase en sete artigos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras.

- O artigo 1 regula o obxecto e ámbito de aplicación da orde, o artigo 2 regula as condicións da tarifa Xente Nova, o artigo 3 regula os medios de pago da tarifa, o artigo 4 establece os requisitos para obter a Tarxeta Xente Nova, o artigo 5 refírese ao procedemento de aplicación da tarifa, o artigo 6 establece as obrigas das persoas titulares da Tarxeta Xente Nova e o artigo 7 regula a perda do dereito a aplicación da tarifa Xente Nova.

A Disposicións adicional primeira remite á aplicación supletoria das normas relativa ao Plan de transporte metropolitano de Galicia e a tarxeta de Transporte Metropolitano de Galicia (TMG), a disposicións adicional segundo regula a aplicación da tarifa *Xente Nova* nun sistema integrado de transportes e a disposicións adicional terceira refírese a posibilidade de habilitar medios tecnolóxicos equivalentes que complementen ou, incluso, substitúan a Tarxeta Xente Nova.

A disposición transitoria refírese á posibilidade de ampliar o ámbito temporal e territorial de aplicación da tarifa.





E as dúas disposicións derradeiras, refírense ao desenvolvemento normativo e á entrada en vigor.

3.- Obxecto da disposición

Como se sinalou o proxecto de orde ten por obxecto regular unha tarifa específica aplicable ao colectivo de persoas usuarias do transporte público regular interurbano de uso xeral, ampliando este colectivo que ata agora compendia os 4 e os 18 anos, e con esta regulación resulta de aplicación ademais aos xoves de 19 e 20 anos.

Ademais a nova regulación da tarifa Xente Nova supera o actual ámbito territorial das Areas de Transporte Metropolitano e resulta de aplicación en calquera viaxe interurbana que teña lugar en calquera concello de Galicia.

4- Tramitación

A tramitación deste proxecto de orde desenvólvese con suxeición ao procedemento legalmente establecido, de acordo co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e no Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio:

1) O 28 de outubro de 2019 a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade acordou o inicio da tramitación do Anteprojecto de Orde pola que se regula o establecemento dunha tarifa específica para a Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia.

2) Durante o período comprendido entre o 30 de outubro de 2019 e o 5 de novembro de 2019 foi sometida a consulta pública previa, segundo o disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2017 polo que se



aproban as instrucións para habilitar a consulta pública previa no proceso de elaboración de normativa a través do portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia

3) O 6 de novembro de 2019 o director xeral de Mobilidade asinou as memorias xustificativa e económica do Anteproxecto de Orde pola que se regula o establecemento dunha tarifa específica para a Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia.

4) O 7 de novembro de 2019 foi emitido informe do Servizo Técnico Xurídico.

5) O 7 de novembro de 2019, a conselleira aprobou inicialmente o texto do Proxecto Orde pola que se regula o establecemento dunha tarifa específica para a Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia.

6) Entre o 8 e o 21 de novembro de 2019 publicouse no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia o Proxecto de Orde pola que se regula o establecemento dunha tarifa específica para a Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia. Durante este período recibíuse unha alegación.

7) O 14 de marzo de 2019 o texto foi sometido a trámite de audiencia por un prazo de quince días hábiles.

8) O proxecto de decreto foi sometido informe da:

- Secretaría Xeral da Igualdade, emitido o 12 de novembro de 2019.
- Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, emitido o 4 de decembro de 2019.

9) O 10 de decembro de 2019, foi emitido informe favorable da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

10) O 17 de decembro de 2019 foi fiscalizado o gasto correspondente á Orde pola que se regula o establecemento dunha tarifa específica para a Xente Nova



5.- Acerto e oportunidade

De conformidade co anterior, e tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais esixidos pola normativa de aplicación, cumpríndose todos os trámites legais preceptivos, é polo tanto esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente a legalidade, acerto e oportunidade do texto normativo proposto.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2019

O secretario xeral técnico



Joaquín Macho Canales

